



MEMORIA EXPLICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A REDE EUROPEA CONTRA A POBREZA (EAPN-GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA QUE CONSISTE NA REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á COORDINACIÓN, OPTIMIZACIÓN DOS RECURSOS E SINERXIAS DE ACTUACIÓN DAS ENTIDADES INTEGRANTES QUE TEÑEN COMO FINALIDADE A LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL NO EXERCICIO 2026

ANTECEDENTES

EAPN-Galicia é unha entidade que agrupa a entidades autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social. Constituída conforme o artigo 5 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, atópase inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5769. Segundo os seus estatutos, carece de ánimo de lucro; conta con personalidade xurídica propia, autónoma da das súas entidades asociadas, con plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas; o seu ámbito de actuación é principalmente a Comunidade Autónoma de Galicia, e ten como fins, entre outros, os seguintes:

- a) Facilitar os fluxos de información entre as organizacións do terceiro sector e contribuír á formación dos seus diversos axentes.
- b) Contribuír a analizar a realidade da pobreza e a exclusión social e reflexionar sobre as súas causas e sobre as propostas para a incidencia das mesmas, promovendo estudos e investigacións, así como xornadas, seminarios e foros de reflexión e análise.
- c) Incidir nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia, dende o ámbito europeo e estatal ata o local, con especial incidencia nas políticas deseñadas e executadas pola Xunta de Galicia.
- d) Potenciar a transparencia e mellora da xestión do sector, desenvolvendo unha estratexia de calidade e responsabilidade das organizacións, así como recompilando e transferindo as boas prácticas identificadas.
- e) Facilitar a participación das persoas en risco de pobreza ou exclusión social nas entidades membro e diante das diversas administracións públicas.
- f) Sensibilizar ao conxunto da sociedade e corresponsabilizar aos axentes clave, en particular administracións públicas e empresas, sobre as cuestións relativas á inclusión social a través de diferentes iniciativas, como a responsabilidade social corporativa.

Para conseguir os fins antes mencionados, EAPN-Galicia leva a cabo as seguintes actividades especialmente en tres liñas de actuación:

- 1.- Sistema información compartida e traballo colaborativo e en rede:

Esta actuación comprende as actividades relacionadas co sistema de información, a transformación dixital da entidade e o desenvolvemento do traballo en grupo para a realización de estudos e o compartimento da información e boas prácticas.





2.- Incremento da capacidade de investigación e propostas de mellora na loita contra a pobreza, exclusión social e servizos sociais:

Esta actuación comprende, basicamente, a realización de propostas e informes en distintas materias (servizos sociais, emprego, vivenda), a organización de foros sobre pobreza, exclusión social e Terceiro Sector de Acción Social e a elaboración dunha estratexia de colaboración, xestión do coñecemento e traballo conxunto entre servizos sociais, universidades e Terceiro sector Social galego.

3.- Aumento da capacidade comunicación interna e externa para difusión da mensaxe de defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión, especialmente a través de:

Esta actuación realízase especialmente a través do mantemento dun grupo de comunicación operativo, a realización de seminarios e campañas de comunicación e o fomento da participación de persoas en risco de pobreza ou exclusión en encontros de participación.

Que no exercicio destas competencias considérase axeitado desenvolver unha liña de colaboración coa concesión dunha subvención a través da subscripción dun convenio con EAPN-Galicia, para facer posible o desenvolvemento das actuacións tendentes á coordinación, optimización dos recursos e sinerxias de actuacións das entidades integrantes que teñen como finalidade a loita contra a pobreza e a exclusión social descritas no expoñendo segundo do convenio.

A instrumentación desta axuda por medio dun convenio de colaboración singular reside na circunstancia de que os estatutos de EAPN-Galicia configúranse como a única que ten por obxecto a incidencia no deseño de novas políticas e prácticas que contribúan á defensa dos intereses das persoas en situación de pobreza e exclusión social, provocando cambios que optimicen os procesos de inclusión social en Galicia, e a única na que se establece que poderán ser membros da mesma todas as persoas xurídicas sen ánimo de lucro involucradas na loita contra a pobreza e a exclusión social definida de acordo co establecido no artigo 3.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Esta entidade apoia ás entidades representantes das persoas vulnerables que conectan os seus esforzos para conseguir sinerxias e crear unha plataforma que canalice e dea voz ás demandas do sector. De acordo con isto, a Consellería de Política Social e Igualdade considera que a colaboración no mantemento das actuacións descritas nos fins de EAPN-Galicia cumpre, indubidablemente, unha función de interese social en consonancia co establecido no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS

1. O obxecto do convenio é a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e EAPN-Galicia para a realización, por parte desta última, dunha serie de actuacións encamiñadas á coordinación, optimización dos recursos e sinerxias de actuacións das entidades integrantes que teñen como finalidade a loita contra a pobreza e a exclusión social.





2. A colaboración establecida neste convenio céntrase no financiamento das actividades que aseguren a unión de esforzos, a creación de sinerxías e o incremento da eficacia e a eficiencia das actuacións das súas entidades membro, coas seguintes finalidades, pormenorizadas na cláusula primeira do convenio:
- A creación de grupos de traballo, tanto estables como *ad hoc*, establecendo protocolos e calendarios de realización das xuntanzas, con implicación de persoas expertas e das entidades membro.
 - A garantía dunha presenza e interlocución activa na definición de propostas que melloren as políticas públicas que afectan á redución da pobreza e a exclusión social.
 - O incremento da participación democrática e a incidencia social e política dos galegos e galegas en risco de pobreza e exclusión social.
 - Facilitar o recoñecemento, a gobernanza e o financiamento das organizacións de iniciativa social do Terceiro Sector Social galego e o fomento do diálogo civil coas administracións públicas galegas.
 - Fomentar iniciativas conxuntas entre organizacións de iniciativa social e administracións públicas de formación e difusión de ferramentas sobre: construción discurso, tolerancia e loita contra aporofobia, discurso do odio e desinformación cara calquera colectivo en risco de vulnerabilidade, así como de apoio as súas vítimas.
 - Facilitar o coñecemento mutuo, a colaboración e a interrelación entre o Terceiro Sector de Acción Social e as universidades mediante a formación, investigación aplicada, voluntariado ou aprendizaxe combinada con servizo.
 - Fomento da comunicación externa sobre causas, problemáticas e solucións da pobreza e exclusión social e da comunicación interna entre as entidades membro que melloren o traballo en rede e a xeración de sinerxias

Dito financiamento destinarase exclusivamente a gastos correntes consumibles non amortizables realizados directamente por EAPN-Galicia e que se recollen no orzamento desagregado de gastos previstos presentado por dita entidade.

No lugar e data da sinatura dixital
O director xeral de Inclusión Social
Arturo Parrado Puente

